



# **CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA**

---

**Ocupación en establecimientos regrados**

**Xullo 2019**

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de xullo de 2019**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2018 e anteriores.

## XULLO 2019

Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos regrados


TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	%	Var. Int. 19/18
HOTEIS	422.876	6,1%	999.980	6,1%	2,36	0,0%	58,82%	2,61
PENSIÓNS	123.744	12,8%	226.619	9,5%	1,83	-3,0%	38,67%	3,46
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>546.620</b>	<b>7,6%</b>	<b>1.226.597</b>	<b>6,7%</b>	<b>2,24</b>	<b>-0,8%</b>	<b>53,61%</b>	<b>2,88</b>
APTOS. TURÍSTICOS	23.891	12,0%	111.755	21,1%	4,68	8,1%	49,04%	2,36
CÁMPINGS	75.768	0,1%	319.478	5,6%	4,22	5,4%	35,22%	1,34
TURISMO RURAL	29.303	5,5%	65.190	7,2%	2,22	1,6%	31,70%	3,04
<b>ESTAB. EXTRAHOTEL.</b>	<b>128.962</b>	<b>3,4%</b>	<b>496.423</b>	<b>8,9%</b>	<b>3,85</b>	<b>5,4%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>675.582</b>	<b>6,7%</b>	<b>1.723.020</b>	<b>7,3%</b>	<b>2,55</b>	<b>0,6%</b>	-	-

- En xullo deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda turística regrada no conxunto da comunidade. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 6,7% e o volume de noites un 7,3% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Contrasta este incremento coa caída rexistrada en xullo do pasado ano –do 4,7%- mais da continuidade á tendencia de crecementos consecutivos que se viñan rexistrando desde o 2013. Son, por tanto, seis anos case consecutivos de comportamento positivo da demanda turística regrada en Galicia neste primeiro mes do verán, circunstancia que eleva o volume final deste 2019 a máis de 1,7 millóns de noites –a segunda cifra máis elevada da serie histórica, só por detrás do valor rexistrado en 2017 con preto de 1,8 millóns-.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é algo diferente, cun comportamento máis irregular –crecemento no período 2013-16, estabilidade en 2017, caída en 2018 e incremento agora en xullo de 2019- que sitúa o volume final en preto de 676 mil viaxeiros.
- Sobe a demanda por sexta vez neste ano 2019 –e por cuarto mes consecutivo-, con incrementos moi suaves en xaneiro e febreiro –inferiores ao 2% interanual- e máis notorios en abril –do 22%-, en maio –do 13%-, en xuño –do 9%- e en xullo –do 7% neste caso-. A excepción prodúcese no mes de marzo, no que se rexistra unha caída do 10% provocada en grande medida polo efecto negativo do calendario coa celebración da Semana Santa. Ampliando o período de análise obsérvase unha tendencia positiva desde novembro do pasado ano. Son, por tanto, oito

meses case consecutivos de crecemento da demanda turística en Galicia. O cómputo global corresponde a anos distintos mais fala dunha tendencia positiva que se estende desde a temporada baixa ata agora no verán.

- No acumulado dos primeiros sete meses deste ano 2019 rexístrase un crecemento global da demanda do 7,6% como consecuencia da combinación de dous factores: incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 6,5%- nun contexto de certa mellora da estadía media –do 1,1% neste caso-.


Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de xullo 2012-19



- Desde a óptica do volume as variacións deste mes tradúcense, nun sentido estrito, na xeración de preto de 43 mil viaxeiros aloxados e de case 118 mil noites en comparación coas cifras de xullo do pasado ano.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento diferente. No conxunto de España rexístrase tamén un crecemento da cifra de viaxeiros aloxados –do 2,7%- mais estabilízase o volume de noites, manténdose a grandes trazos nos niveis do pasado ano –nun sentido estrito o nivel de pernoctacións sobe un 0,7%-.
- Rexístrase neste mes un comportamento algo dispar a nivel das comunidades autónomas sendo a maioría delas as que presentan unha dinámica positiva –doce en particular-. Neste mes é Asturias o destino de mellor comportamento relativo no sentido de que presenta o crecemento de maior intensidade –supera nun 8,3% o volume de noites do pasado ano-. Nun segundo grupo, con porcentaxes tamén importantes, sitúanse Galicia e Madrid –ambas cunha suba levemente por encima do 7% interanual-.
- No lado contrario sitúase Castela e León como o destino de crecemento menos intenso, practicamente invariable –supera nun 0,6% o volume de noites do pasado ano-.


- Dous destinos mantéñense nas cifras de xullo do pasado ano –Castela A Mancha e Murcia-, mentres que tres presentan caída da demanda –do 3% en Baleares e do 4% en Canarias e Cantabria-.
- Do lado dos viaxeiros aloxados o panorama é algo parello. Neste caso o comportamento positivo é máis xeneralizado sendo quince os destinos que superan as cifras do pasado ano. Neste ranking novamente Asturias presenta o crecemento máis notorio, do 7,9%. Coa suba do 6,7% Galicia sitúase en terceira posición.
- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste mes a sétima posición representando o 2,8% do total de España. Cataluña é neste mes o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con máis de 13,5 millóns de pernoctacións –o 21,6% do total-. Lidera o ranking estatal por vez primeira neste ano pois ata o mes de abril era Canarias o destino que rexistraba maior volume de demanda, con diferenzas considerables en xaneiro e febreiro respecto dos restantes destinos. En maio e xuño o ranking vén liderado por Baleares.
- Sitúanse a continuación Baleares –con preto de 12,6 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con máis de 9,1 millóns-, Canarias –con máis de 8,8 millóns-, a C. Valenciana –con preto de 6,6 millóns- e Madrid –con máis de 2,6 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades agrupan ao 85% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.
- En xullo o 71% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 58%- coma ás pensións –co 13% neste caso-. O 29% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 6,5% da demanda total-, aos cámpings –co 18,5%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 3,8% neste caso-.
- Por vez primeira neste ano, e tal como corresponde a un mes de temporada alta, os cámpings adquiren un peso notable dentro do total da demanda regrada, circunstancia que minora o peso do segmento hoteleiro e concretamente dos hoteis. Acontece isto en contraposición ao observado nos primeiros meses do ano cando por exemplo os cámpings apenas absorbían o 0,1% do total. A súa presenza e representatividade era practicamente inexistente.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Xullo 2019



- En calquera caso, o comportamento global da demanda turística regrada neste mes de xullo vén unha vez máis moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis. Continúa a ser a tipoloxía de maior volume e peso na estrutura da demanda –absorbe a tres de cada cinco noites no aloxamento regrado-.
- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento homoxéneo, con incrementos xeneralizados de diversa intensidade. No ámbito hoteleiro o crecemento sitúase no 6,1% no caso dos hoteis e no 9,5% para as pensións –como consecuencia de incrementos paralelos da cifra de viaxeiros aloxados-.
- No ámbito extrahoteleiro obsérvase igualmente un comportamento positivo pero de intensidade variable, con subas que se sitúan no contorno do 21% nos apartamentos turísticos –grazas ao crecemento parello da cifra de viaxeiros aloxados e da estadia-, no 7% nos establecementos de turismo rural –consecuencia case en exclusiva do crecemento parello da cifra de viaxeiros aloxados-, e no 6% nos cámpings –circunstancia que neste caso vén da man dunha mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense estable-.
- Tendo en conta os dous grandes segmentos da oferta –hoteleiro e extrahoteleiro- o comportamento é igualmente homoxéneo. Incrementábase o número de noites un 6,7% no primeiro e un 8,9% no segundo, porcentaxes referidas ao seu conxunto.

Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Xullo 2019/18, por tipoloxías




- En termos de volume o maior incremento sitúase no ámbito hoteleiro, segmento que consegue xerar máis de 77 mil novas pernoctacións en comparación co pasado ano. A mellora supera as 19 mil noites nos apartamentos turísticos, achégase ás 17 mil noites nos cámpings e sobe das 4 mil noites nos establecementos de turismo rural. En global no ámbito extrahoteleiro xeráronse preto de 41 mil novas pernoctacións.
- Dentro do segmento hoteleiro o comportamento da demanda é tamén positivo nas diferentes categorías, con variacións de diferente intensidade, a excepción das pensións dunha estrela –

segmento no que se rexistra unha caída da demanda como consecuencia dun empeoramento da estadia media-.

- As subas máis destacadas en termos porcentuais rexístranse nas pensións de tres e dúas estrelas –segmento nos que o volume de noites increméntase preto do 20% en relación ao pasado ano-. No ámbito hoteleiro os crecementos son máis homoxéneos aínda que tamén variables, e sitúanse no 8% para o segmento de maior categoría –hoteles de catro e cinco estrelas-, no 6% para os de tres estrelas, no 4% para os de dúas estrelas e no 5% para aqueles dunha estrela.
- En todos os segmentos a mellora do nivel de demanda provén en grande medida dun crecemento paralelo da cifra de viaxeiros aloxados, só apoiado ou reforzado por un incremento da estadia media nos hoteles de tres ou máis estrelas.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Xullo 2019




- Neste mes de xullo o 80,8% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno -o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional -aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 19,2% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións mais aseméllanse ás rexistradas do lado dos viaxeiros aloxados –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 75,4% e o do internacional no 24,6%-.
- Esta distribución é propia dun mes de temporada alta no que o peso do turismo nacional supera o 80% do total –quedando o internacional por debaixo do 20%-, a diferenza do que acontecía en maio e xuño, por exemplo, meses nos que o mercado estranxeiro se situaba por encima do 30% do total.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo neste mes de xullo, con variacións positivas de diversa intensidade.
- O turismo nacional increméntase un 6,5% como consecuencia dun crecemento paralelo da cifra de viaxeiros españois, do 7,1% neste caso, nun contexto de estabilidade da estadia media. Contrasta esta suba coa caída rexistrada no pasado ano, do 7,3%, mais da continuidade á tendencia positiva dos cinco anos anteriores, con subas continuas de 2013 a 2017. Esta dinámica

coloca o volume final deste ano en preto de 1,4 millóns de noites –a segunda cifra máis elevada da serie histórica-.

- O turismo internacional presenta tamén unha dinámica positiva superando nun 10,9% o nivel de demanda do pasado ano como consecuencia do crecemento da cifra de viaxeiros estranxeiros – que sobe un 5,5%- nun contexto de mellora da estadía media. Sobe o turismo internacional logo de presentar unha caída en xullo de 2018 mais da continuidade á tendencia positiva rexistrada nos cinco anos anteriores, de 2013 a 2017. Son, por tanto, seis anos case consecutivos de crecemento do turismo internacional en Galicia no mes de xullo, dinámica que sitúa o nivel final en preto de 331 mil noites –tamén neste caso a segunda cifra máis elevada da serie histórica-. Son 32 mil novas pernoctacións en comparación co dato de xullo do pasado ano.


Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por procedencia, nos estab. regrados. Xullo 2019/18



- O comportamento dos dous segmentos de mercado é semellante nas dúas grandes tipoloxías de aloxamento. O turismo de ámbito estatal sobe tanto no segmento hoteleiro –un 5,3%- coma no extrahoteleiro –un 9,4% neste caso-. O turismo internacional sobe tamén nos dous segmentos – un 12,2% no hoteleiro e un 6,2% no extrahoteleiro-. Ambos mercados presentan, por tanto, un comportamento bastante regular.
- Máis polo miúdo obsérvase que o crecemento dos dous segmentos de mercado varía en relación coas tipoloxías e segmentos da oferta regrada. En xeral obsérvase un comportamento positivo, de diversa intensidade, coa excepción das caídas rexistradas polo mercado nacional nos hoteis de dúas estrelas. Os incrementos máis notorios en termos relativos corresponden ao turismo internacional dentro das pensións, con subas do 79% naquelas de tres e dúas estrelas e do 57% nas de unha estrela.
- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase preto de 2,6 noites, cifra que se incrementa nun 0,6% en relación ao pasado ano 2018. O incremento é baixo en intensidade e case pode falarse de estabilidade en termos interanuais.
- Este suave crecemento da continuidade á tendencia positiva rexistrada desde o 2016. Son, por tanto, catro anos consecutivos de mellora da estadía media regrada en Galicia neste primeiro mes do verán, situando a cifra deste mes de xullo na máis elevada desde o 2009.

- Neste mes as estadias máis elevadas rexístranse nos apartamentos turísticos, con preto de 4,7 noites de media, e nos cámpings –con 4,3 noites neste caso-. Marcan diferenza coas restantes tipoloxías que se sitúan por encima das dúas noites no caso dos hoteis –concretamente case 2,4 noites- e dos establecementos de turismo rural –con 2,2 noites-, e por debaixo das dúas noites no caso das pensións –en síntese rexistran pouco máis de 1,8 noites neste caso-.


Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Xullo 2019



- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar nas diferentes tipoloxías. Mantense estable nos hoteis, descende nas pensións –un 3%- e increméntase nas modalidades de aloxamento extrahoteleiro –un 8% nos apartamentos turísticos, un 5% nos cámpings e preto do 2% nos establecementos de turismo rural-.
- A estadía media en Galicia sitúase nunha posición intermedia en relación ás restantes comunidades autónomas. Canarias, con preto de 7,3 noites de media, marca o valor máis elevado neste mes de xullo. No lado contrario son Estremadura e Castela e León os destinos que presentan a cifra máis baixa, con 1,9 noites.
- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar entre as diferentes comunidades autónomas. Neste contexto Galicia sitúase no grupo dos destinos onde mellora en relación a 2018, liderando o crecemento Madrid –cunha suba do 6,5%-. No lado contrario a estadía media descende en dez destinos, de forma máis suave en Navarra, Cataluña e Castela A Mancha –inferior ao 1% interanual- e máis acusada en Murcia –cun descenso do 6,9% neste caso-.
- Desde o punto de vista da ocupación a dinámica é parella. Sobe e mellora en todas as modalidades de aloxamento con diversa intensidade. O incremento supera os tres puntos porcentuais nas pensións e nos establecementos de turismo rural, os dous puntos porcentuais nos hoteis e nos apartamentos turísticos e o punto porcentual nos cámpings.



Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Xullo 2019



- Os hoteis son a modalidade de aloxamento que presentan o nivel de ocupación máis elevado cun 58,8% de media neste mes. Acadan tamén unha porcentaxe importante os apartamentos turísticos, cun 49,0% de media neste caso.
- As tres restantes tipoloxías fican entre o 30% e o 40%, concretamente no 38,7% as pensións, no 35,2% os cámpings e no 31,7% os establecementos de turismo rural –modalidade que rexistra unha vez máis a cifra máis baixa do aloxamento regrado-.